

## ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **29 de xullo de 2020**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (29/11/2019, 19/12/2019, 14/02/2020, 20/02/2020, 30/04/2020, 7/05/2020, 29/05/2020 e 8/06/2020).
2. O Director informa dos seguintes temas:
  - a. Adaptación da docencia pola pandemia COVID-19.  
Todas as materias do 2º cuadrimestre impartíronse online e os exames de Xullo foron non presenciais.  
As entregas/defensas dos TFG/TFM realizáronse en remoto. Manteranse así ata ver a situación da emerxencia sanitaria.  
Realizáronse compras de emerxencia tanto para docentes como para alumnado.  
Debido á situación de emerxencia non se puideron realizar certas actividades.  
Reitérase o agradecemento ao profesorado polo seu esforzo e dedicación e tamén ao esforzo do alumnado nesta situación, destacando o papel da delegación de alumnos e dos delegados de cursos.
  - b. Promoción do Grao.  
Participouse na feira de educación universitaria EDUGAL.  
As campañas de promoción e marketing realizáronse totalmente online.  
Debido a que a concesión do PCEO foi en febreiro, este se promocionou mediante anuncios no Faro de Vigo e no Correo Gallego.  
Creouse un espazo web para a captación de alumnado.
  - c. Dobre Grao ADE e Informática. A Xunta de Galicia concedeuno e elaborouse a súa memoria.
  - d. Máster en Intelixencia Artificial (Universidade da Coruña).  
Presentáronse alegacións e solicitouse que sexa interuniversitario.
  - e. Grao en Intelixencia Artificial (Universidade de Santiago de Compostela). Presentouse unha alegación para que se retire e que se negocie no novo mapa de titulacións.
  - f. STEMbach. É un mecanismo de promoción.
  - g. Partida 626. Esta partida sufriu un recorte do 75%.

- h. Docencia mixta. Instalación aulas. Permiten que os centros xestionen a docencia mixta, polo que a ESEI xestionará a instalación das aulas e laboratorios.
  - i. Cláusula Kent. A materia de *Redes de Computadores I* considérase dentro da aplicación da cláusula Kent.
  - j. Exames.
  - k. Queixas.
  - l. Máster en Cidades Atlánticas. Solicitouse participar neste máster.
3. Apróbase por asentimento as guías docentes das Titulacións da ESEI correspondentes ao curso 2020/2021.
  4. Apróbase por asentimento a modificación do Coordinador do Itinerario: Seguridade informática en sistemas e redes (MEI).
  5. Apróbase por asentimento o informe de resultados anuais das titulacións do Centro para o curso 2018/19.
  6. Apróbase por asentimento o Plan de Melloras para o curso 2019/20.
  7. Non houbo candidatos, polo que queda pendente para a próxima Xunta de Centro ordinaria
  8. Apróbase por asentimento a planificación da docencia na modalidade mixta.
  9. Apróbase por asentimento o Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19.
  10. Non hai asuntos de trámite.
  11. Recibíronse queixas asociadas ás materias *Hardware de Aplicación Específica e Sistemas Operativos I*.
  12. Prodúcese varias intervencións relacionadas coa docencia mixta, control de docencia automático e aula en circuíto pechado.